Moredo – Palas de Rei, 1980-12
**Informantes**: José (65)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Palas de Rei, I,1, Moredo, José 65 anos, Julia 48(muller)

I,1,258. 45) Se mo deches non mo deras,
Ela: eu pedir non cho pedín,
déchello a quen quixeches
quéresmo cobrar a min.

VI 1115c

263. 46) Debaixo de a oliva
Ela: é ghusto parrafear
que tén as follas menudas
non deixa entrar o lunar.

269. 47) A raíz do toxo blanco
El: é mui mala d'arrincar-e
i os amoriños primeiros
son mui malos d'olvidar-e.

272. 48) Costureira non a quero,
Ela: se ma dan tiro con ela,
cantos pillos hai na calle,
de noite dormen con ela.

I 58a
I 113c

274. 49) Ben te vin entrar na iglesia,
El: ben te vin arrodillar-e,
cousa que vin os meus ollos
non o podes neghar-e.

277. 50) Costureira non a queres
Ela: tampouco cha non andar,
é fillo de rapacolos
solteiriño has de quedar.

I 125

283. O cura está malo....

306. 51) O cura a mala criada
El: terminaron de cocer,
tiñan a leña no monte
i a fariña por moer-e.

308. 52) O cura a mala criada
cando van prá romaría,
o cura vai de sotana
i ela vai sin faldriña.

IV 718

312. 53) O cura de Moredo
non é cura nin siñor-e
que confesou a criada
dabaixo do cobertor-e.

IV 707

